



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

ORDENANZA REGULADORA DA CIRCULACIÓN DOS CANS POLAS VÍAS E ESPACIOS PÚBLICOS.

ARTIGO 1. OBXECTO

Cando as cans estean ou circulen por vías ou lugares de tránsito público irán suxeitos por unha cadea ou correa.

Están dispensados do requisito anterior os cans que se atopen nas seguintes circunstancias: a) os que se utilicen en tarefas agrícolas, gandeiras ou de caza mentres desenrolen esas actividades no ámbito rural, e b) os que, na compañía dunha persoa responsable, circulen fóra dos núcleos urbanos por terreos agrícolas, forestais ou costeiros, sempre que non se dea presenza de terceiras persoas.

ARTIGO 2. USO DE BUCEIRA E MICROCHIP

Os cans levarán unha buceira para garanti-la tranquilidade e a integridade das persoas, sempre que pertencen as seguintes razas: American Stadfforshire Terrier, Pitbull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tibet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (ca de bou), Rottweiler, Staffordshire Bull Terrier, Tosa Inu, Akita Inu, Pastores Alemáns, Pastores Belgas ou outra clase de pastores similares ós anteriores.

Os cans, tanto os de Compañía como os potencialmente perigosos deberán levar ademais un microchip identificativo homologado tal como sinala o Decreto 90/2002 de 28 de febreiro da Xunta de Galicia, cuxo custo será por conta do propietario.

ARTIGO 3. PROHIBICIÓNS

Está prohibida a circulación ou estadía de todo tipo de cans nos parques infantís e espazos públicos de acceso a eles.

Está prohibida a circulación ou estadía dos cans nos parques públicos e espazos públicos de acceso a eles, que se sinalan no artigo 2, así como os de gran tamaño con dimensións iguais ou superiores ó pastor alemán.

Exceptúanse desa prohibición os cans-guía de invidentes e minusválidos.

ARTIGO 4. LIMITACIÓNS NAS VÍAS PÚBLICAS

Os posuidores de cans deberán coidar de que non lixen as vías e espazos públicos coas súas deposicións. No caso de se produciren estas, están obrigados a limporen os excrementos de xeito inmediato e de forma axeitada desde o punto de vista hixiénico.

Está prohibido alimenta-los cans nas vías ou espazos públicos.

ARTIGO 5. INFRACCIÓNS

- CONSTITÚEN INFRACCIÓN MOI GRAVE:

- Non ter vacunado o can.
- Abandoar o can.
- Non usa-la buceira cando sexa obrigatoria.
- Non ter sinalado o microchip homologado.
- Non comunicar á Policía Local a agresión dun can.

- CONSTITÚEN INFRACCIÓN GRAVE:



C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

- Non facilitar os datos do animal agresor á Policía Local.
- Permitti-la circulación de cans polas vías e lugares de tránsito público sen iren suxeitos por unha cadea ou correa.
- Non recolle-los excrementos que os cans depoñan nas vías e lugares públicos.
- **CONSTITÚEN INFRACCIÓN LEVE:**
- Aqueles que non estean tipificadas como grave ou moi grave.

ARTIGO 6. SANCIÓN

- As infraccións moi graves, multa de 150 a 300 euros.
- As infraccións graves, multa de 90 a 150 euros.
- As infraccións leves, multa de 30 a 90 euros.

ARTIGO 7. ENTRADA EN VIGOR

A presente Ordenanza entrará en vigor logo que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días o que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

E así elévase, por esta Alcaldía ó Pleno da Corporación, para, tra-los informes oportunos, sexa tomado acordo polo órgano competente ó respecto.

En Salvaterra de Miño, 24 de maio de 2012
O Alcalde

Asdo: Arturo Grandal Vaqueiro